



ANEXO DE ADAPTACIÓN Á NOVA ORDE DE AVALIACIÓN DEPARTAMENTO DE [nome departamento]

A Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia supón unha importante modificación no calendario e procedemento de avaliación polo que cómpre revisar e adaptar as programacións didácticas do noso departamento.

A adaptación á nova orde concrétase nos seguintes puntos:

Con respecto aos cursos da ESO:

- Elimínase da programación toda referencia á proba extraordinaria.
- Na semana do 6 de xuño de 2022 terá lugar a terceira avaliación. Coas notas das tres avaliacións calcularase un valor provisional para a cualificación da avaliación ordinaria seguindo o criterio sinalado na programación [*media das 3, media ponderada, nota da 3ª,...*].
- O alumnado con dita cualificación inferior a 5 poderá recuperar a materia suspensa mediante a superación de [*instrumento/s de avaliación*]
Realización dun exame complexo sobre a materia estudada nas tres avaliacións.
- (opcional) – O alumnado con cualificación igual a 5 ou superior poderá mellorar esta nota [*recomendación CCP -> nun punto como máximo*] mediante [*instrumento/s de avaliación*]
Realización dun sinxelo traballo voluntario sobre un tema a elixir entre varios proporcionados.